



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2019/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria urxente Motivo: «Aprobación de expedientes urxnetes que no poden esperar a seguinte sesión ordinaria»
Data	3 de maio de 2019
Duración	Desde as 13:00 ata as 13:55 horas
Lugar	Sala de sesións da Casa Consistorial
Presidida por	Regina Polín Rodríguez
Secretario	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33860503H	Carlos Plácido Buján López	SÍ
76580439F	Daniel Díaz Méndez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
33852423B	JOSE FERREIRO FERNÁNDEZ	SÍ
33621263R	Jesús Veres Vázquez	SÍ
35105471L	Jordi Blengua Penedo	SÍ
76576132R	José Manuel Saa Devesa	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

76571390C	Pedro Pérez Fanego	SÍ
33803021J	Regina Polín Rodríguez	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Ratificación da urxencia da convocatoria

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 1, Abstencións: 5,
Ausentes: 0

A Sra. Alcaldesa xustifica a urxencia da convocaria. Sometida a votación da urxencia é aprobada por 7 votos a favor dos grupos PSOE e Independnete-CG, 1 voto en contra do concelleiro non adscrito, e 5 abstencións dos grupos PP e BNG.

Expediente 344/2019. Modificación de Crédito extraordinario 2/2019

Favorable

Tipo de votación:
Ordinaria
A favor: 7,
En contra: 0,
Abstencións:
6, Ausentes:
0

EXPEDIENTE Nº 344/2019

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2019.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en Crédito Extraordinario por importe de 200.000,00 € derivado da necesidade de facer fronte a

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 9 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en Crédito Extraordinario polo importe total de 200.000,00 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado íntegramente con Remanente de Tesourería para gastos xerais conforme ao detalle de aplicacións e gastos que se indican de seguido:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE
231.63200	Aportación "Convenio Interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz para a execución dos fins común consistentes na construción dun Centro de Atención a paersoas maiores no municipio de Guitiriz"	200.000,00
	TOTAL	200.000,00 €

INCREMENTO EN INGRESOS		
Aplicación	Descripción	Importe (€)
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerías	200.000

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación naquel Boletín Oficial.

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que é último Pleno e que espera que non pase como no último Pleno da Deputación de Lugo. Pregunta se déuselle licenza a Deputación e quen pagará as taxas. Pregunta se isto é necesario aprobalo agora en campaña. Pide que conste en acta que non están en contra da residencia pero si en contra da ubicación. Di que pode incumprir as normas subsidiarias do Concello polo fondo edificable nos baixos, que os veciños teñen o tope edificado.

O concelleiro non adscrito di que non é normal este Pleno tan próximo as eleccións, que tiveron tempo para traer esta proposta, que isto é vella política, que isto se debería aprobar a partir de xuño, e que so lle falta carretar votos, que teñen medo a un cambio de goberno na Deputación, e que os carteis da obra os ten que poñer a empresa e non o Concello. Di que non teñen o proxecto nin a memoria do que se vai facer, que non lles pasaron nada, e o marrón será para a próximo equipo de goberno.

O voceiro do grupo BNG di Sra. Alcadesa ou alcaldesa en funcións, lembrese vostede en que data se aprobou en Pleno o convenio entre a Deputación e o Concello de Guitiriz para levar a cabo a obra para construír a residencia de maiores na casa da Botica?, recórdollo eu, foi o 26 de xullo de 2018 e formalizado o 3 de agosto de 2018, creo que esta mais que claro que é unha tomadura de pelo o que nós está propoñendo no pleno extraordinario de hoxe. Estamos de acordo en todo menos no que vai facer, queremos que se constrúa a residencia na Casa da Botica, pero as formas e actuacións previas como esta modificación orzamentaria para cumprir o acordado no convenio non son as mais axeitadas e nas datas que as fai moitos menos aconsellables. Non seu día xa non votamos a favor do convenio que asinou coa Deputación porque viamos que e moi mellorable e que non aclaraba nada do seu futuro funcionamento o día de maña, aínda que sabe que si estamos a favor da construción e sen saber nada do proxecto que nos prometeu e que aínda estamos agardando por el. Pregúntolle porque non se fixo en aquelas datas esta modificación orzamentaria, ou, porque sabendo que facía falta non se contemplou nos orzamentos deste ano 2019, ou, porque non se fai esta modificación orzamentaria para cumprir o acordo coa Deputación dentro dun mes?, non ten sentido o que propón, pero vostede saberá o que fai, volve a practicar actuacións, que non se deberían facer a menos dun mes vista das eleccións municipais, está facendo algo que por ética ninguén debería facer, a vostede dálle igual, e incríbel todo o que baixo a súa responsabilidade fixo ou mandou facer sen criterio ou argumento político, e que as maiorías das veces prexudicaba os/as veciños/as de Guitiriz, e que non quedou mais remedio que facelo porque vostede era a que mandaba e ordenaba, tratando de tontos a todos/as os/as membros da Corporación e a todos/as os/as veciños/as de Guitiriz. Sabe que esta aportación do Concello a Deputación para facer a residencia da Casa da Botica, non ten a presa que as eleccións e o cambio de goberno lle auguran. Non vou entrar en si por lei e legal ou non, o que si lle podo dicir e que non é ético de cara a opinión pública e veciñal, xa llo dixen en algunha ocasión, vostede pode ser afiliada o PSOE, pero de socialista non ten nada. Queremos que se deixe moi claro na acta que o BNG non vota a favor pola forma e datas de presentar esta modificación orzamentaria, e non polo seu contido do que estamos a favor.

O voceiro do grupo CG-Independente di que visto o convenio que está asinado haberá que

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

facelo.

A Sra. Alcaldesa di que a ignorancia é o peor de todo, que hai un proxecto que está publicado na web da Deputación, en contratacións. A licenza a pagará a empresa e pediu unha bonificación que terá que vir a Pleno. Di que é necesario aprobalo agora e que hai remanente de tesourería amplo. Se non cumprira urbansticamente non se lle podería dar a licenza, a culpa é do PP que ten parado o informe sectorial en Santiago, levan máis dun ano sen emitir o informe, que conste en acta.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que os trataron de tontos durante toda a lexislatura, que fixo unha hipoteca co engano da casa de peóns do centro de día, e outra coa residencia na casa Botica para 150 anos e so para os máis ricos que poidan pagala. Di que a empresa ten que ter viabilidade económica e solvencia técnica, que conste en acta a ocultación de datos e as dúbidas sobre a solvencia da empresa.

O concelleiro non adscrito di que no Pleno de marzo fixo un rogo sobre o xogo limpo nas eleccións municipais e volve coa vella política nun to de tratar a todos de ignorantes, así vaise pola porta de atrás. Hai grupos que non compartimos ese lugar e non temos información sobre como se vai facer, espero que novo alcalde sexa máis dialogante e transparente que vostede, nos vai deixar o Gaiás da Sra. Polín.

O voceiro do grupo BNG di que está a favor da residencia pero en contra das formas en campaña electoral.

A Sra. Alcaldesa di que se marcha porque quere e pola porta de diante, preocúpese por ofrecer un bo programa aos veciños. Non deixamos hipotecas, deixamos un bo centro de día con posibilidades de amplialo.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 7 votos a favor dos grupos PSOE e Independente-CG, e 6 abstencións dos grupos PP, BNG e concelleiro non adscrito.

Expediente 365/2019. Modificación de Crédito extraordinario 3/2019

Favorable

Tipo de votación:
Ordinaria
A favor: 7,
En contra: 0,
Abstencións:
6, Ausentes:
0

**EXPEDIENTE Nº 365/2019
ASUNTO: MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO
EXTRAORDINARIO 3/2019.**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do orzamento desta Corporación, consistente en Crédito Extraordinario por importe de 72.161,43 € derivado da necesidade de facer fronte a

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

determinados gastos para os que non existe consignación orzamentaria, e que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, tal e como queda acreditado no expediente, e tendo en conta a existencia de recursos financeiros suficientes para financiar a dita modificación consistentes en Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais

Considerando o disposto no artigo 177 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL, en diante), na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, no artigo 37 do Real decreto 500/1990, na Base 9 das de execución do vixente orzamento, e demais normas concordantes e os Informes do Interventor municipal e o resto de documentación que obra no expediente.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do orzamento municipal consistente en Crédito Extraordinario polo importe total de 72.161,43 € de acordo co detalle que se indica de seguido, financiado íntegramente con Remanente de Tesourería para gastos xerais conforme ao detalle de aplicacións e gastos que se indican de seguido:

APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN DO GASTO	IMPORTE
165..63300	Inversión de reposición asociada o funcionamento dos servizos de instalacións de alumeado público, iluminación,.. nos núcleos de Guitiriz e Parga.	72.161,43
	TOTAL	72.161,43€

INCREMENTO EN INGRESOS		
Aplicación	Descripción	Importe (€)
87000	Remanente de Tesourería para Gastos Xerías	72.161,43 €

SEGUNDO.- De conformidade co establecido no artigo 177.2 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, ordenar a publicación do presente acordo mediante inserción de edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de edictos deste Concello, quedando exposto ao público durante un período de 15 días hábiles dende o día seguinte ao da publicación daquel no Boletín Oficial.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

TERCEIRO.- O expediente de modificación orzamentaria entenderáse definitivamente aprobado no caso de que durante o período de exposición pública non se presenten reclamacións.

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP pregunta cando ten que estar xustificado.

A Sra. Alcaldesa di que a finais de xuño.

O voceiro do grupo PP di que entende este acordo e que non entra no debate.

O concelleiro non adscrito di que é máis do mesmo, que fixo os orzamentos de 2019 e non o contemplou, por iso vote en contra, pola falta de inversións.

O voceiro do grupo BNG di que o que nos propón neste punto é moi similar o que nos propuxo no punto anterior, quere que aprobemos algo que xa leva tempo tramitándose polo concello e que vostede deixou adrede para traelo ao Pleno uns días antes das eleccións, e encima ameázanos con que se pode perder a subvención si non se aproba en Pleno. No BNG pensamos e creemos que si se perde a subvención, non é culpa do Pleno e súa por deixalo para última hora como fai con todo o que lle pasa polas mans. Sabe que vai sacar todo adiante, porque xa fai tempo que volve a ter maioría absoluta a hora das votacións, aproveite que lle queda moi pouco para seguir campando as súas anchas. Queremos que se volva a deixar moi claro na acta que o BNG non vota a favor pola forma e datas de presentar esta modificación orzamentaria, e non polo seu contido do que estamos a favor.

A Sra. Alcaldesa di que di que non é mala xestión, que algún día o entenderán, que non amenace a ninguén, que estiveron intentando non poñer cartos, pero é complicado. Se poden investir estes 400.000 euros para conseguir aforro enerxético é sustentabilidade. O concelleiro conseguiu esta subvención e necesitamos esta financiación.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que está en contra das formas, non do contido, polo que absteranse.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 7 votos a favor dos grupos PSOE e Independente-CG, e 6 abstencións dos grupos PP, BNG e concelleiro non adscrito.

Expediente 292/2019. Incoación de expediente de cesión temporal da Escola Habanera de Vilares . Expte: 292/2019.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 0,
Abstencións: 6, Ausentes: 0

Incoación de expediente de cesión temporal da Escola Habanera de Vilares . Expte: 292/2019.

Vista a solicitude da presidenta da Asociación de Veciños Cultural e Medioambiental Os Vilares, dona Luz Veres Cordeiro, de data 3/09/2018, RE n.º3049/2018, de cesión temporal da Escola Habanera de Vilares a dita asociación para o seu arranxo e

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

adecuación para desenvolver actividades programadas a asociación e ser usada polos veciños de Os Vilares.

Considerando a posibilidade e conveniencia de proceder á cesión de uso do citado inmovible, propiedade deste Concello e cualificado como ben patrimonial no inventario municipal de bens, para fins de interese xeral e por un prazo de duración determinado, xa que neste momento non está sendo utilizado polo Concello e non se prevé a súa utilización nos próximos anos, polo que o deterioro do inmovible será cada vez maior.

Considerando o disposto na Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, no Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Considerando a competencia municipal na materia atribuída polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións concedidas ao Pleno polo artigo 22.2 da LBRL.

Propoño ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente para á cesión temporal da Escola Habanera de Vilares, propiedade deste Concello e cualificado como ben patrimonial no inventario municipal de bens, para fins de interese xeral dos veciños e por un prazo de duración determinado, xa que neste momento non esta sendo utilizado polo Concello e non se prevé a súa utilización nos próximos anos.

SEGUNDO.- Que se informe por secretaría o procedemento a seguir e se realicen os trámites e demais actuacións que sexan preceptivas.

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que no programa do PP levaban a continuación das cesións das escolas, e que hai expedientes do ano 2014 e comezan agora por este do ano 2018 que é posterior, non siga enganando á xente.

O concelleiro non adscrito di que é electoralista, que podían esperar un mes, que porqué este e non outros solicitados antes.

O voceiro do grupo BNG di que este punto do Pleno xa nos parece de total abuso de poder e de total falta de ética e respecto de cara a todos/as os/as veciños/as, apoiada pola total impunidade dun membro da corporación que saben certamente que apoia este ou outro punto sen tan sequera ler a documentación que nos proporcionan dende a alcaldía. E incomprendible que a presidenta da Asociación de veciños Cultural e Medioambiental dos

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Vilares presentara en setembro de 2018 a solicitude o concello para a cesión da Escola Habanera dos Vilares e que lle contesten agora en maio a 23 días das eleccións. Non podía agardar ao mes que ven?, non estaban a usar actualmente esta Escola Habanera, púxolle algún impedimento o concello? Cacicada tras cacicada, como portavoz e responsable do BNG, levaba case catro anos dicíndolle que se fora, e por fin se vai, pero como acostuman a dicir algunhas persoas, facendo mal ata o último momento.

O voceiro do grupo CG-Independente di que solicitouse antes e non estaba desafecta aínda, por iso non se fixo antes, agora esta desafectada e non hai ningún inconveniente para cedela.

A Sra. Alcaldesa di que non teñen boa información, que Teixido estivo 4 anos e non fixo nada coas escolas e estaban solicitadas. No Pleno de setembro aprobouse a desafectación das 3 escolas de Vilares que quedaban sen desafectar para poder cedelas. Isto é so inicio do expediente, estamos intentando facer cousas necesarias e os veciños se comprometen a mantelas, se fai por responsabilidade e polo interese público.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 7 votos a favor dos grupos PSOE e Independente-CG, e 6 abstencións dos grupos PP, BNG e concelleiro non adscrito.

Expediente 364/2019. Plan Estratéxico de subvencións do Concello de Guitiriz.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 12, En contra: 0,
Abstencións: 1, Ausentes: 0

EXPEDIENTE Nº 364/2019

ASUNTO: PLAN ESTRATEXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE GUITIRIZ

Visto o expediente tramitado para a aprobación do Plan Estratéxico de subvencións 2019-2020, así como o borrador do mesmo.

Visto o informe de intervención de data 29/04/2019.

Vista a normativa correspondente a subvencións, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 26 de xullo e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Estratéxico de subvencións para o período 2019-2020.

Concello de Guitiriz



Concello de Guitiriz

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa explica que como dixo na comisión informativa se podían engadir aportacións, e que hai que agradecer o traballo do Sr. Interventor, xa que este plan é un requisito legal que hai que cumprir, se non se reparan todas as subvencións que se conceden.

O voceiro do grupo PP di que non o teñen claro.

O concelleiro non adscrito di que está de acordo coas propostas pero non coa forma de presentalas. Di que esta proposta a fixo nun Pleno xa que non era eficiente a súa política de subvencións, e está fora de prazo, tiña que aprobarse no ano 2018.

O voceiro do grupo BNG di que este punto enchufado por urxencia e o único que vamos a votar a favor porque vemos que aínda que non é urxente si é necesario e non altera para nada a ética do período electoral ao non ter influencia a hora de exercer o voto nas vindeiras eleccións.

O voceiro do grupo CG-Independente di que é importante telo e que vai votar a favor.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que había que telo antes e que non chega nin a dous anos, pero que está ben evitar os reparos. Di que está a favor do contido pero non das formas, e que votaran a favor.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 12 votos a favor dos grupos PSOE, PP, BNG e Independente-CG, e 1 abstención do concelleiro non adscrito.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178